

A NOSA TERRA

A Terra é o terceiro planeta do sistema solar. A súa atmosfera mantén a temperatura, protéxenos das radiacións solares e fai que sexa posible a vida. A Terra tarda 365,2 días (un ano) en dar unha volta ao Sol e 23,9 horas (un día) en dar unha volta sobre ela mesma. Ten un satélite: a Lúa. A temperatura da superficie da Terra é variable e sitúase arredor dos 15 graos.



Xúpiter, o planeta máis grande do sistema solar, é 125 veces máis grande que a Terra. Xiran ao seu redor 16 satélites. Os máis grandes son: Ío, Europa, Ganimedes e Calisto. As nubes máis altas que o rodean teñen unha temperatura de 130 graos baixo cero.

COMO VIRON A TERRA OS ASTRONAUTAS

Os astronautas que, nas súas viaxes puideron contemplar a Terra desde as fiestras das súas naves quedaron marabillados pola beleza do noso planeta e todos experimentaron un sentimento moi forte de amor cara a este planeta que nos acolle. Estes son algúns dos comentarios que fixeron:

"O que máis me impresionou foi o silencio. Había no firmamento máis estrelas das que esperaba. O ceo era un negro intenso, pero brillaba, aomesmo tempo, coa luz do sol. A Terra era pequeniña, azul pálida, redonda. Penso que non comprendera o que significa que a Terra fora redonda ata que vin desde o espazo."



ALEKSEI LEONOV


"A Terra de noite parece máis máxica que durante o día. Sempre hai algunha tempestade nalgún lugar. Os lóstregos cobren a cuarta parte dun continente. Que as auroras e os lóstregos resplandezan sempre sobre ela."

VLADIMIR SHATALOV

"No segundo paseo que fixemos fóra da nave, non tiñamos tarefas urxentes e tivemos tempo de mirar a Terra. Miramos as estrelas, a Lúa e os continentes que estaban debaixo de nós. Comparamos esta experiencia co feito de estar estirados e mirara arriba, desde a Terra, as nubes que van polo ceo."

VLADIMIR LYAKHOV





1 Volve ler o texto e responde estas preguntas:

- Que se describe nesta lectura?
- Que número de planeta é dentro do sistema solar?
- Canto tarda en darlle unha volta ao sol?
- Canto tarda en dar unha volta sobre ela mesma?

2 Como é a temperatura da Terra?

- A A súa temperatura é cálida.
- B A súa temperatura é variable, sobre uns 26 graos.
- C A temperatura é variable, sitúase nuns 15 graos.
- D A temperatura é estable, cada ano antense a mesma.

3 Como se define o planeta Xúpiter?

- A Xúpiter é o planeta máis grande do sistema solar.
- B Xúpiter é 150 veces máis grande que o planeta Terra.
- C Xúpiter é un planeta que ten ao seu arredor uns 20 satélites.
- D Xúpiter tarda 16 anos en darlle unha volta ao Sol e 9,9 horas en dála sobre el mesmo.

4 Xustifica por que a un astronauta lle impresiona o silencio do espazo:

Resposta:

.....

.....

.....

5 Selecciona as alternativas correctas:

- ☐ Leonov sorpréndese de que a Terra sexa redonda.
- ☐ Lyakhov di que a Terra é máis máxica de noite que de día.
- ☐ A Shatalov sorpréndelle a Lúa e os continentes que estaban debaixo.
- ☐ Shatalov di que os lóstregos cubrían a cuarta parte dun continente.

6 Cal destas alternativas é certa?

- A *Facer* é un verbo en infinitu da 1a conxugación.
- B O infinitivo de *protexe* é *protexir*, da 2a conxugación.
- C *Contemprar* é un verbo en infinitivo da 1a conxugación.
- D *Experimentado* é un verbo en infinitivo da 1a conxugación.

7 Pon o exemplo dun verbo acabado con *–bir* ou *–buir* e outro que non cumpra esta norma. Despois, escribe unha frase con cada palabra.

Acabado en *–bir*, *–buir*:

Verbo que non cumpre a norma:

8 Cal destas series pertence ao campo semántico do espazo?

- A Astronauta, nave, casco, Lúa, cesto.
- B Nave, lanzadora, cohete, estrelas, Sol, planeta.
- C Osíxeno, Xúpiter, satélite, nube mar, planeta.
- D Asteroide, casco, Mercurio, mosquito, constelación.

9 Escolle a alternativa correcta:

- A O texto é descritivo porque di que é a Terra.
- B O texto é descritivo porque di como é a Terra.
- C O texto é descritivo porque define o planeta Terra.
- D O texto é descritivo porque di que é e como é a Terra.

10 Describe esta habitación:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

